

O NOSO TESOURO

O 16 de xullo daquel ano era o día fixado para as eleccións do alcalde do pobo. Era case o mesmo ca os anteriores; os mesmos candidatos, as mesmas opinións... Case pero non o mesmo. Ese ano, un novo nome ocupaba as conversas da xente; Lois Bieita.

A tía de Candela dicía que fora o alcalde do seu pobo durante un pequeno período de tempo, e que ía de pobo en pobo de Galiza facendo marabillas. A Candela iso parecíalle unha troula como calquera outra. Total, ela non estaba moi pendente do que sucedera cos altos mandos do lugar onde residía. Pero o que sorprendeu a medio pobo foi que, chegada a hora da verdade, gañou. E gañou por maioría! Que sorpresa se levou a familia de Candela!

A verdade e que, tal e como ían dicindo por aí, nos seus carteis de publicidade, a súa imaxe era sombría e non daban moitas ganas de votarlle. Ondeando no alto dos farois, e tesos nas paredes, cunhas arrugas que denotaban que se habían pegado a todo meter, o rostro dun home alto e delgado, de rostro alargado con barba negra e ollos azuis. Pero o que rechamaba do asunto era que levaba un enorme sombreiro negro a xogo cunha capa da mesma cor. Este conxunto comíalle a cara de expresión friamente seria, que case daba medo. A simple vista, aparentaba ser un home moi misterioso. A Candela dáalle unha noxenta sensación ó contemplar esa imaxe, que para mellorar a situación estaba impresa en cores frías e sen vida, derivando do gris. Parecía un home moi misterioso, e a súa xeda mirada penetrante atravesábase en dous, a pesar de que só foran uns inocentes ollos azuis nun papel de propaganda.

Non houbo cambios na vida de Candela ata apenas unha semana despois. Sen recibir noticias do porqué, esa noite cortaron a auga. Así, de súpeto. Aínda que non era nada alarmante, pois tantas veces habían cortado a auga sen anunciar a causa ata o día seguinte. Pero ese día seguinte defraudoulles, pois o sol levantaba do seu soño, transformando o firmamento nocturno nun precioso lenzo que parecía feito a base de pinceladas de pintura de moitas cores, sen facer caso a se quedaban ben, se ían todas nun sentido... As primeiras luces do alba levaban consigo a dúbida de que ía pasar coa auga. Esta non volvía, e ninguén sabíase o ía a facer. Tiveran que usar a auga das botellas para limpar os dentes e todas as familias permaneceran sen duchar.

Ao mediodía, o ruído atronador do timbre na casa de Candela rompeu o ambiente afable dun golpe seco. Uns señores altos e fortes entregáronlle a nai de Candela unha botella grande de auga. Xa ía ela a cerrar a porta cando os señores abriron a boca:

- Un consello: úsea ben. Trate esta botella como se estivese chea de ouro líquido, pois é moi valiosa. Cómpre que a reparta ben, pois vai ser a única ración de auga que reciba. Recorde, a auga é un tesouro.

E os señores fóronse selando as bocas con pegamento, e repetindo o proceso en todas e cada unha das casas do pobo, a petición de Lois Bieita.

- Estas son as marabillas que fai este home? - dicía o pai de Candela – Isto non nos leva a ningunha parte máis ca á ruína! Teñen que estar tolos os que ousaron votar a ese desgraciado!

Pasaron 3 días, e a auga da botella ía diminuindo co paso do tempo. Era pleno verán, e o caprichoso sol repartía intensos raios de calor. Mentres a xente do pobo repartía minuciosamente a auga, o alcalde dedicouse a declarar que non ía a facer nada para arranxalo. Desde logo! Debería ter vergoña de dicilo con tanta facilidade!

E do sangue candente que transportaba a ira da xente do pobo, naceu unha revolta cuxa voz pedía un novo alcalde no pobo. Non era un erro da cano, non, o alcalde fora o que mandara cortar a auga, así, da noite a mañá!

As horas pasaban lentas, sen presa, e tras uns días despois de que cortaran a auga, o alcalde ordenou que volvesen permitir o paso da auga. E foi a súa derradeira orde. Non lles deu o pracer á xente do pobo de poder expulsalo, se non que el mesmo dimitiu.

A xente do pobo, saciada xa coa expulsión do alcalde, empezou a sentirse mal cando viron brotar a auga, cristalina e limpa, brotar de súpeto pola boca das billas. Ca falta de auga, agora o estómago removíaselles cando a auga esvaraba e parecía que choraba, deixando as súas lágrimas ata que a natureza a fixera esvaecer. Grazas a Lois Bieita, aprenderan a consumir a auga de forma responsable. A xente que o insultara, que o odiara que o criticara no seu momento sentiu moita vergoña. Pronto, só quedou o fantasma cheo de tristura e o recordo da súa ensinanza. Todos botábano de menos. Tal foi a admiración do pobo que no medio da praza construíronlle unha estatua. Agora, só podían desexar que leve a seu saber polo mundo adiante.